SIMULACRO DE EVACUACIÓN

PAULA BERNÁRDEZ PINTOS. 6ºA

Na Orde do 22/07/1997 establécese que no regulamento de réxime interior e na programación xeral anual se inclúa o Plan de Autoprotección para facer fronte ante calquera incidencia que afecte a seguridade dos alumnos, profesores e demais persoas, así como das instalacións escolares.

O 14 de maio de 2013 tivemos a proba dun simulacro de incendios, por si ocorrera algún no colexio.
Ao chegar á clase era como un día normal e cando corriximos os deberes, polas ventás da clase cara o corredor xa se empezaba a ver o fume.
Ao sonar o timbre, cun sonido igual que ao do cambio de clase pero de distinta duración, dura uns dez ou quince segundos; levantámonos un pouco nerviosos, polo menos eu, e o encargado da clase pechou as ventás, apagou as luces e pechou a porta.
Polo pasillo estaba todo cheo de fume e por seguridade tiñamos que ir pegados á parede e taparse a boca coa man, pano ou chaqueta para non respirar o fume, xa que na realidade ese fume é tóxico e podería deixarnos inconscientes se o respiramos. Fomos polo corredor con tranquilidade (aínda que eu estaba nerviosa, pero non tanto para berrar, xa que alteraría ás demáis persoas).
Para min, o simulacro foi unha experiencia un pouco traumática, xa que o fume non me deixaba ver ben e tiña medo a chocar con algo. Paréceme ben que fagan esta proba, xa que si non se fai todos os anos, non saberíamos por onde ir nin que facer se ocorre de verdade.
Cando saimos do edificio todos os nenos, esperamos a que a encargada contara que estivésemos todos e de que saira o fume. Nunha clase un profesor e uns alumnos quedaron "atrapados" e os bombeiros tiveron que sacalos, foi unha pena non poder ver como o facían.
Despois fomos abaixo, onde estaban os coches de bombeiros e preguntamos as dúbidas que tiñamos sobre os obxectos que tiña o camión.
No camión tiñan bombonas de osíxeno por si as necesitaban os bombeiros e contáronnos que as mangueiras se poden usar para defenderse do lume, soltando a auga en forma de escudo ou para atacar, disparando a auga profundamente.
Tamén nos contaron que levaban 3000 litros de auga.
Tamén tiñan unhas tesoiras enormes para cortar un vehículo e outras máis pequenas para cortar os pedais dun coche en caso de quedar atrapados nun accidente de coche. As tesoiras funcionaban cun motor que tiñan no camión.
Por certo, non sabía que aos bombeiros os podían multar por exceso de velocidade; pero non soe ocorrer xa que ao pesar moito o camión xa non van moi rápido por seguridade porque pode volcar.

O simulacro penso que foi algo positivo para que estemos preparados se ocorrera de verdade.

ONDE ESTÁ O PERIGO?

Dentro da campaña municipal de educación viaria e na autoprotección, Onde está o perigo?, o 28 de maio o alumnado de 4º de EP. do CEIP Pío XII participou en diversos obradoiros desenvolvidos polo RACE no Paseo Central da Alameda que incluiron a seguridade no vehículo, a seguridade na bicicleta, obradoiro de alcoholemia e obradoiro de condución.